

COMUNICACIÓN ANTE UNHA AGRUPACIÓN DE CASOS NUNHA CONTORNA ESPECÍFICA

Ante a aparición de 6 casos, nun período de 7 días, confírmase unha agrupación de casos na contorna AULA 2º ESO A do centro IES TERRA CHA IES TRAPERO PARDO. O período de transmisión no que se puideron xerar contactos estreitos vai do 02/02/22 ao 08/02/22.

Considéranse contactos estreitos (CE) todas as persoas da contorna específica que estivesen en contacto con algún caso durante o período de transmisión mencionado. Si algunha persoa desa contorna non estivese en contacto con ningún caso durante o período de transmisión, non se considerará CE. Todos os CE deben que rexistrarse en EDUCOVID¹, no expediente de cada un dos casos cos que tivera contacto², sen esquecerse de rexistrar a data de último contacto co caso. Dita data é propia de cada CE e non ten por que ser común a toda a contorna.

As medidas específicas a seguir dependen das circunstancias individuais. Achégase cadro resumo:

MEDIDAS	CORENTENA	VIXILANCIA	ILLAMENTO
QUEN DEBE FACELAS?	- CE sen pauta competa de vacinación. - CE inmunodeprimidos (máis aló da vacinación ou antecedente COVID).	- CE vacinados con pauta completa. - CE que pasaran a COVID entre 91 e 180 días antes ³ .	- Casos confirmados por proba diagnóstica positiva. - Casos sospeitosos por presenza de síntomas.
PORASE ALGUÉN EN CONTACTO?	SI, a Central de Seguimento de Contactos (CSC) enviará un SMS para cubrir un formulario, indicar as medidas e pedir as proba oportunas.		- CONFIRMADOS ⁴ : SI, a CSC chamará para facer o estudo de contactos e o médico para valorar a situación clínica ⁵ . - SOSPEITOSOS: NON, a persoa debe chamar ao 881 54 00 45 ou a seu centro de saúde.
SOLICITARASE ALGUNHA PROBA DIAGNÓSTICA?	SI, a CSC solicitará unha proba (PDIA) entre o 5º e o 7º día despois do último contacto co caso.	NON, os CE en vixilancia non precisan PDIA excepto que teñan síntomas (agás mulleres embarazadas).	- CONFIRMADOS: NON. - SOSPEITOSOS: SI, posto que precisa unha proba para confirmar ou descartar a COVID.
RESUMO MEDIDAS ESPECÍFICAS	- Non saír do domicilio. - Facer as probas solicitadas. - Vixiar síntomas.	- Realizar só actividades esenciais (laborais ou lectivas). - Usar sempre a máscara ⁶ . - Vixiar síntomas.	Illamento en habitación individual.
DURACIÓN DAS MEDIDAS	Terase en conta a data mais recente de último contacto co caso (dispoñible en EduCOVID) para establecer a duración das medidas.		Desde o inicio dos síntomas ou da mostra positiva en asintomáticos (dispoñible en EduCOVID).
	7 días corentena + 3 vixilancia* * 10 días de corentena cando non se garanta o uso correcto da máscara (sempre en nenos de 0-3 anos, valorar individualmente de 4-5 anos) ou non teña proba negativa feita por un sanitario a partir do 5º día.	10 días de vixilancia	- CONFIRMADOS: 7 días, sempre que pasaran 3 días sen síntomas (esta duración pode variar se así o considera oportuno o sanitario responsable). - SOSPEITOSOS: Ata dispor do resultado negativo nunha proba feita por un sanitario.
E SI NON CHAMAN? CANDO PODE VOLVER AO COLEXIO?	Respectar a duración e as medidas que correspondan. Pode consultar máis información na seguinte ligazón .		Respectar a duración e as medidas que correspondan. Pode consultar máis información na seguinte ligazón .
MÁIS INFORMACIÓN	https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Informacion-Covid-centros-educativos		

1 - Se non dispoñen de EduCOVID, deberán rexistrar os CE no ficheiro dispoñible na seguinte [ligazón](#) e envialo a educacion.CSC@sergas.es

2 - Se o elevado volume de casos e contactos dificulta esta tarefa e atrasa a aplicación das medidas, poderán rexistrarse os contactos no expediente do último caso co que coincidisen.

3 - Os CE que pasaran a COVID nos últimos 90 días NON terán que seguir ningún tipo de medida específica, podendo acudir ao centro.

4 - As persoas positivas nun autotest domiciliario deberán declaralo mediante a seguinte [ligazón](#) ou no 881 54 00 45.

5 - As persoas sen prestación SERGAS, deberán notificar o resultado positivo a súa aseguradora para que lle fagan o seguimento oportuno.

6 - Os CE en vixilancia NON poden comer nin beber a menos de 2 metros doutras persoas (valorar no caso de acudir ao comedor).